


# MEMORIA DE XESTIÓN ANUAL

## CURSO 2023 – 2024



### ÍNDICE

1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA
2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS
3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
4. SERVIZO DE CAMBIADORES
5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
6. FESTAS
7. CAMPAMENTOS
8. PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DA ANPA
9. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA AS FAMILIAS
10. OBRADOIROS PARA O ALUMNADO
11. DOAZÓNS PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR
12. OUTRAS INICIATIVAS
13. MELLORAS
14. SUBVENCÍONS
15. ASEMBLEAS E REUNIÓNS INFORMATIVAS DA ANPA
16. CONSELLO ESCOLAR



## 1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Valle Inclán está formada por tódalas familias de alumnado escolarizado no CEIP Ramón María del Valle Inclán que desexan asociarse. No presente curso 2023/24 somos un total de **226 familias socias**, cun total de **288 crianzas**.

## 2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS

A empresa contratada pola ANPA para encargarse de levar a cabo o servizo de Mañanceiros é a empresa especializada Jardanay, que proporciona a coordinación e o monitorado. Ofrécense dúas modalidades no servizo: con almorzo e sen almorzo, para facilitar a conciliación ás familias.

HORARIO	07:30 a 09:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	65 crianzas (22,6 % dos socios) Modalidade con almorzo: 16 crianzas
MONITORADO	1 coordinadora e 2 monitoras

O custo para as familias en función da modalidade escollida é o seguinte:

SERVIZO	PREZO SEN ALMORZO	PREZO CON ALMORZO
<b>5 DÍAS/SEMANA</b>	20,75 €/MES	36,31 €/MES
<b>4 DÍAS/SEMANA</b>	16,60 €/MES	30,09 €/MES
<b>3 DÍAS/SEMANA</b>	12,45 €/MES	22,83 €/MES
<b>2 DÍAS/SEMANA</b>	8,30 €/MES	14,53 €/MES
<b>1 DÍA/SEMANA</b>	4,15 €/MES	7,78 €/MES
<b>ESPORÁDICO</b>	2,60 €/MES	3,10 €/MES
10% desconto no segundo irmán/irmá - 12% desconto tres ou máis irmáns/irmá		

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario destinado a dito servizo que está colgado na páxina web de Jardanay:

[https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect\\_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F](https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F)

### 3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

A ANPA xestiona o comedor escolar a través dunha entidade contratada para ese fin, Jardanay, unha empresa especializada que presta un servizo de comida transportada e proporciona o equipo de monitorado.

O servizo de Comedor Escolar realízase nunha única quenda e todo o alumnado come á mesma hora. O horario do servizo de comedor é entre as 14:00 e as 16:00 h. O alumnado é recollido polo monitorado nas aulas ás 14:00 h. onde se pasa lista dos usuarios e usuarias. A saída do alumnado realízase entre as 15:15 e as 16:00 h.

HORARIO	14:00 a 16:00 horas
ALUMNADO INSCRITO	Total: 220 crianzas (76,4 % dos socios)
TRABALLADORES	1 coordinadora, 14 monitores e 2 auxiliares de cociña

O custo para as familias en función dos días solicitados de servizo é o seguinte:

SERVIZO DE COMEDOR	PREZO
5 DÍAS / SEMANA	88,00 € / MES
4 DÍAS / SEMANA	73,66 € / MES
3 DÍAS / SEMANA	62,75 € / MES
2 DÍAS / SEMANA	41,83 € / MES
1 DÍA / SEMANA	20,92 € / MES
ESPORÁDICO	6,90 € / DÍA
10% desconto no segundo irmán/irmá- 12% desconto tres ou máis irmáns/irmás Esporádico non conta con desconto	

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:  
[https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect\\_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F](https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F)

No mes de decembro o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comunicou ás direccións dos centros indicacións ó respecto dos comedores escolares. Nesa comunicación explica que “o comedor escolar está definido na normativa como un recurso educativo de carácter complementario (...)”. No

documento establécese que “os comedores ANPA son de xestión privada sometida (...) ás directrices xerais establecidas pola dirección do centro escolar para a xestión dos espazos do centro escolar”. Tal e como establecen as Normas de Organización e Funcionamento do CEIP (NOF) no seu Artigo 230 “serán obxecto de corrección as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte”.

Polo tanto, ante o incumprimento das normas de convivencia por parte do alumnado e ante as condutas contrarias á convivencia será responsabilidade do equipo directivo adoptar e establecer as pertinentes medidas correctoras.

#### **4. SERVIZO DE CAMBIADORES**

Este ano, como novidade, a ANPA ofrece este servizo ás familias con crianzas matriculadas en educación infantil. A familia que desexa contratar o servizo ten a súa disposición a persoal de Jardanay que se despraza ó centro escolar para cambiar á crianza se fose preciso. O prezo mensual é de 16 € e por cada intervención 2 €. O horario de atención inclúe o horario lectivo, o de madrugadores e o de comedor.

HORARIO	07:30 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	7 crianzas

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:  
[https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect\\_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F](https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F)

#### **5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

As actividades extraescolares que se ofrecen actualmente no CEIP Valle Inclán son desenvolvidas pola ANPA Valle Inclán a través de convenios firmados con distintas entidades culturais e deportivas da contorna con moita experiencia e punteiras no traballo que desenrolan, o que proporciona moita calidade ás actividades das que pode desfrutar toda a cativada do noso colexio e que teñen gran aceptación por parte do alumnado e das familias. Ademais de contribuír e facilitar a conciliación familiar, é unha

boa forma de que a cativada poida desfrutar do seu tempo de lecer con actividades divertidas e enriquecedoras.



**ESCOLA DE MÚSICA "MODUM"**

Actividade: **MÚSICA E MOVEMENTO**

Actividade: **GUIARRA II**



**CLUB HÓCKEY "OLEIROS"**

Actividade: **HOCKEY INICIACIÓN**

Actividade: **HOCKEY II**



**GRUPO DE BAILE E GAITAS "OS RUEIRIÑOS"**

Actividade: **BAILE GALEGO E PANDEIRETA**



**CLUB BALONMANO "ATLÁNTICO"**

Actividade: **BALONMÁN**



**SERVIZOS DEPORTIVOS "AXIÑA"**

Actividade: **XADREZ**


Actividade: **BALONCESTO**

Actividade: **PATINAXE**



**ROBÓTICA EDUCATIVA "ROBOTIX"**

Actividade: **ROBÓTICA**



**ESCOLA DE DANZA "SADANZA"**

Actividade: **XOGOS E PSICOMOTRICIDADE**

Actividade: **ACRODANCE**



**ESCOLA GALEGA DE TEATRO MUSICAL**

Actividade: **TEATRO MUSICAL**



**LAURA GUALDA "NOS ARTE"**

Actividade: **ARTE E PINTURA**

### **SOLICITUDE DE ESPAZOS PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

A ANPA Valle Inclán solicitou autorización ó Consello Escolar para o desenrolo das actividades extraescolares e para o uso de espazos do centro, requirindo as pistas exteriores, patios cubertos de ambos edificios do centro, sala de usos múltiples, aula de arte (Anexo I) e aula fronte a sala de profesores no andar superior do edificio de infantil.

Solicitouse tamén o uso do Pavillón Municipal ó **Concello de Oleiros** para o novo curso. Como cada curso co fin de revisar a adxudicación do Pavillón Municipal do Colexio Valle Inclán de cara ó curso 2024-2025, celebrouse unha reunión o 29 de maio na que participaron Concelleiras de Deportes e de Ensino, técnicos de deportes do Concello, o equipo directivo do CEIP e membros da xunta directiva da ANPA. Nesa xuntanza, o Concello manifestou que o número de usuarios e usuarias de clubs deportivos segue a medrar de xeito significativo, polo que a demanda de espazos de adestramento destas entidades vai en aumento e ten que buscar novas solucións. A única alternativa viable que se presentou á ANPA foi compartir o uso do pavillón durante tres días (martes, mércores e xoves) en horario de 17:00 a 18:00 h, igual que no presente curso. A división física da cortina da pista, así como as entradas e saídas separadas das persoas usuarias, empregando se fose preciso vallas delimitadoras, será a forma de poder compatibilizar as actividades extraescolares da ANPA e doutros clubs alleos. No horario de 16.00 a 17.00 a ANPA dispón da pista en exclusiva.

### **CALENDARIO, HORARIO E INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web da ANPA Valle Inclán no apartado "Servizos":  
<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/actividades-extraescolares/>
- O cuadrante de actividades extraescolares adáptase á demanda das familias usuarias, e varía en función do alumnado inscrito, para que poida ser viable o servizo. No comezo do presente curso ofertáronse as actividades extraescolares nos seguintes horarios:

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA VALLE INCLÁN 2023 2024

HORARIO	CICLO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00-17:00	INFANTIL	MÚSICA E MOVEMENTO	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	MÚSICA E MOVEMENTO	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	ARTE E PINTURA (1,5h)
		HOCKEY INICIACIÓN (Inf+1ºEP)	XOGOS E PSICOMOTRICIDADE	HOCKEY INICIACIÓN (Inf+1ºEP)	XOGOS E PSICOMOTRICIDADE	TEATRO MUSICAL (2h) 5º6ºEI
	PRIMARIA	XADREZ I (1º a 3º EP)	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	XADREZ I (1º a 3º EP)	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	ARTE E PINTURA (1,5h)
BALONCESTO		BALONMÁN (dende 6º Ed. Inf.)	BALONCESTO	BALONMÁN (dende 6º Ed. Inf.)	TEATRO MUSICAL (2h)	
17:00-18:00	INFANTIL		ROBÓTICA		ROBÓTICA	ARTE E PINTURA (1,5h)
						TEATRO MUSICAL (2h) 5º6ºEI
	PRIMARIA	HOCKEY (2º a 6º EP)	ACRODANCE	HOCKEY (2º a 6º EP)	ACRODANCE	ARTE E PINTURA (1,5h)
		PATINAXE	GUITARRA II (4º a 6º EP)	PATINAXE	TEATRO MUSICAL (2h)	

EI: educación infantil  
EP: educación primaria

	ENTIDADE	ACTIVIDADE	PREZO MENSUAL
INFANTIL	RUEIRIÑOS	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	19€ 2 días (infantil, 1º e 2º EP)
	MODUM	MÚSICA E MOVEMENTO	19€ 2 días
	CLUB HOCKEY	HOCKEY INICIACIÓN	19€ 2 días (infantil e 1º EP)
	NÓS ARTE	ARTE E PINTURA	18€ 1 día (1 hora e media)
	EGTM	TEATRO MUSICAL	19€ 1 día 2 horas (5º e 6º infantil)
PRIMARIA		BALONCESTO	19€ 2 días
	AXIÑA	PATINAXE	19€ 2 días
		XADREZ I (1º a 3º EP)	19€ 2 días
	RUEIRIÑOS	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	19€ 2 días (3º a 6º EP)
	MODUM	GUITARRA	10€ 1 día
	CLUB HOCKEY	HOCKEY	19€ 2 días (2º a 6º EP)
	CLUB BALONMANO	BALONMÁN	19€ 2 días
	NÓS ARTE	ARTE E PINTURA	18€ 1 día (1 hora e media)
	EGTM	TEATRO MUSICAL	19€ 1 día (2 horas)
		XOGOS E PSICOMOTRICIDADE	19€ 2 días
	SADANZA	ACRODANCE	19€ 2 días
	ROBÓTIX	ROBÓTICA	20€ 2 días

## 6. FESTAS

### • FESTA DE NADAL

A ANPA organizou unha festa de Nadal o último día lectivo do trimestre, 21/12/2023. Contamos cunha actuación musical a cargo da vocalista do grupo "Madame Bird". Organizáronse tres obradoiros de manualidades con temática do Nadal para o alumnado.

### • FESTA ENTROIDO

O venres 09/02/2024 celebrouse a Festa de Entroido, á que toda a comunidade educativa





foi convidada. Desfrutouse de animación musical, obradoiros de chapas e globoflexia, e organizouse un desfile de disfraces.

### • FESTA DE FIN DE CURSO

O último día lectivo do curso, o 21/06/2024, como novidade, a Asociación costea unha actuación **para todo o alumnado do colexio** na Festa de Fin de Curso que o centro organiza pola mañá, en horario lectivo. As propostas foron presentadas no consello escolar e ante o claustro de mestres. Foi seleccionada a actuación da Compañía N+1, co espectáculo "Circanelo", unha proposta do artista Alfredo Perez Muíño baseada no teatro xestual, danza e acrobacia con rexistro de clown.

Pola tarde, en horario de 16.00 a 19.30 h. ofrécese a comunidade educativa obradoiros, xogos de animación, fotomatón, exhibicións e unha mostra de arte das actividades extraescolares.

En todas as festas, coma noutras ocasións, dáse a oportunidade ó alumnado 6º EP a de recadar fondos para a viaxe de fin de curso a través dos postos de venda de "Merendiñas" e de manualidades feitas polo propio alumnado e as súas familias.



Para celebrar as festas, solicítanse o pavillón ó Concello de Oleiros e os espazos exteriores do colexio ó Consello Escolar. Antes de cada festa dáse aviso expreso ás familias de que todas as crianzas deben estar acompañadas e supervisadas por un adulto.

Dado que na festa de Nadal houbo danos no invernadoiro que foron reportados polos técnicos do Concello e a directiva do CEIP, advertiuse antes da festa de Entroido que non estaba permitido o acceso ao invernadoiro. Sen embargo, volvéronse a detectar igualmente danos no invernadoiro, na ferramenta da horta e nas plantas.

## 7. CAMPAMENTOS

A ANPA Valle Inclán da ás familias a opción de inscribir ós seus fillos e fillas en campamentos no colexio durante as vacacións e días non lectivos.

Os campamentos están tamén abertos a familias que non teñen fillos matriculados no CEIP Ramón María del Valle Inclán, iso si, dando prioridade ás familias socias da ANPA (con descontos) e ó alumnado do propio colexio.

A empresa seleccionada encárgase de xestionar o servizo de mañanceiros e comedor a través de Jardanay, así como a limpeza.

Os horarios dos campamento son os seguintes: campamento de 9:00 a 14:00 h.; mañanceiros: 7:45 a 9:00 h; comedor: 14:00 a 16:00 h.



**Ludotecas & semanas vacacionales**

**NAVIDAD 2023**  
**¡Sigue la estrella!**

Desde 26 de diciembre hasta 5 de enero  
Para alumnos/as de ED. INFANTIL y PRIMARIA

C.E.I.P. Ramón M<sup>o</sup> del Valle Inclán

activa vacaciones

PERILLO OLEIROS



**CAMPAMENTO SEMANA SANTA**

**CEIP VALLE INCLÁN**

**HORARIOS**  
MADRUGADORES: 7:45 - 9:00  
CAMPAMENTO: 9:00 - 14:00  
COMEDOR: 14:00 - 16:00

**FECHAS**  
25, 26 y 27 de marzo  
1 de abril

**PRECIOS**  
CAMPAMENTO COMPLETO: 40 €  
DÍA SUELTO: 15 €/DÍA  
MADRUGADORES: 4 €/DÍA  
COMEDOR: 6 €/DÍA  
SEGURO: 5 €

**DESCUENTOS**  
-1€ POR INSCRIPCIÓN ANTES DEL 13 DE MARZO  
-1€ ANPAS/EMPRESAS ASOCIADAS  
-0'50€ POR TRAER A AMIGO/HERMANO  
-0'50€ POR COMPARTIR EL CARTEL EN REDES

**2 EXCURSIONES/ACTIVIDADES ESPECIALES**

\*PLAZAS LIMITADAS  
\*SE RESERVA DERECHO DE ADMISIÓN  
\*5€ DE SEGURO SI ES TU PRIMER CAMPAMENTO 23/24

¡4 AÑOS AGOTANDO PLAZAS!

INSCRIPCIONES: [campamentos.serocio@gmail.com](mailto:campamentos.serocio@gmail.com) [WWW.SEROCIO.COM](http://WWW.SEROCIO.COM) Serocio 619 01 57 73



• **CAMPAMENTO DE NADAL**

Datas: do 26 de decembro ó 5 de xaneiro.  
Empresa: Activa.

• **CAMPAMENTO DE SEMANA SANTA**

Datas: 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril.  
Alumnado inscrito: 15

• **CAMPAMENTO 20 DE MAIO**

Coincidindo co día de libre elección do CEIP, a ANPA deu opción ás familias de poder conciliar na ponte do 17 de maio, Día das Letras Galegas. As inscricións non chegaron ó mínimo requirido para formar grupo, polo que o campamento non se levou a cabo.

• **CAMPAMENTO DE VERÁN**

Datas: dende o 25 de xuño ata o 30 de xullo.

• **CAMPAMENTO DE CIENCIA**

Datas: dende o 1 ata o 5 de xullo.

Dirixido a alumnado que o próximo curso 2024-2025 vai cursar 4º, 5º, 6º de EP y 1º ESO.

O Campamento de Ciencia celébrase por iniciativa da docente Fina Roel Mosquera, de 3º ciclo de Primaria, como continuidade ó Clube de Ciencias que leva todo curso en funcionamento co alumnado de 6º EP.

Conta coa colaboración da Facultade de Ciencias da UDC, do CEIDA e da Casa das Ciencias. A ANPA Valle Inclán colabora facilitando a xestión dos permisos, a tramitación das inscrición e a cobertura dos seguros para o que asina un contrato con Serocio.



O Campamento celébrase no colexio e na programación inclúe saídas á Casa das Ciencias, á Facultade de Ciencias da UDC, ó Castelo de Santa Cruz (CEIDA) e rutas a pé, así coma diversas actividades e experimentos para o alumnado.

## 8. PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DE TEXTO DA ANPA

A ANPA Valle Inclán, en colaboración co centro escolar, xestiona o banco de doazón e préstamo de libros que serve para completar a axuda da Xunta que reciben as familias. Este ano, dado que está en vigor o programa E-DIXGAL, os libros de texto de 5º e 6º EP xa non se prestaron.

Este curso houbo un cambio editorial nos libros de 4º de EP, polo que só se fixo préstamo dos correspondentes ós cursos de 3º. Dado que en 3º EP fíxose un cambio editorial o curso pasado, a asociación non conta con demasiadas doazóns.

O número de familias beneficiadas pola xestión do banco de libros da ANPA foi de 17, todas elas socias da ANPA.

De cara ó próximo curso continuarase traballando no mesmo sentido. Os libros son recollidos nas aulas antes de fin de curso por parte dos titores e titoras, e en colaboración co CEIP serán entregados durante o mes de xullo.



## 9. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA FAMILIAS

Este curso, como novidade, dende un grupo de ANPAs dos centros de ensino de Oleiros, e en colaboración co Concello de Oleiros organizáronse varias actividades destinadas a toda a comunidade educativa.

O Concello facilitounos o espazo para poder ofrecer a actividade a todo o público interesado, dado que cremos pode é importante facer comunidade en torno a temas de gran relevancia neste momento e que son un reto para a sociedade.

· **CHARLA OBRADOIRO A CARGO DE ANTONIO RIAL BOUBETA: “COMO PROMOVER UN USO SEGURO E SAUDABLE DA TECNOLOXÍA NA INFANCIA E ADOLESCENCIA”**

Celebrada o xoves 21 marzo ás 18:00 h. no Auditorio As Torres (Santa Cruz).

**Antonio Rial Boubeta** é doutor en Psicoloxía Social e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Autor de mais de 140 artigos en revistas científicas de impacto internacional e director de 21 teses de doutoramento, foi responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade e as adiccións, dende o Uso problemático de Internet, as redes sociais o *ciberbullying*, ao consumo de alcohol e sustancias.




· **FORMACIÓN A CARGO DE MARÍA COUSO “CEREBRO Y PANTALLAS”.**

Celebrada o xoves 25 de abril ás 17:00 h. no Auditorio de A Fábrica.

**María Couso** é licenciada en Pedagogía, Máster en Psicopedagogía Clínica e Posgrado e Máster de Neuroeducación.

Leva a cabo a súa labor profesional en varios ámbitos do sector educativo dende hai 17 anos. Dende 2019 ofrece formacións ó profesorado e ás familias de forma aberta por todo o territorio nacional co seu proxecto “Cerebro y Juego” promovendo o uso de xogos de mesa como ferramenta de aprendizaxe (ABJ) e como metodoloxía facilitadora de procesos cognitivos a través da súa web [playfunlearning.es](http://playfunlearning.es) e do seu Instagram [@play.funlearning](https://www.instagram.com/play.funlearning).





Paralelamente imparte formacións sobre desenvolto cognitivo e funcións executivas, competencia lingüística e matemática así como sobre o impacto que as pantallas xeran no desenvolto dos nenos.

## 10. OBRADOIROS PARA O ALUMNADO

A ANPA Valle Inclán ofreceu ó CEIP varios catálogos sobre educación afectiva-sexual e educación en igualdade, para poder ser desenvoltoados en horario lectivo co alumnado.

Finalmente, o claustro de mestres e mestras fixo unha selección dos obradoiros sobre igualdade propostos, a cargo da Cooperativa Aventeira, que se levaron a cabo a finais de maio e foron os seguintes:


2º EP: Ayo, a mascota viaxeira

3º EP: Escolle a túa propia aventura

4º e 5º EP: Cambiando o conto

Solicitouse unha valoración final dos titores e titoras. O profesorado de 3º, 4º e 5º de EP quedou satisfeito cos obradoiros. En 2º EP pareceulles pouco adaptada á idade e escueta.

Os obradoiros de educación afectiva-sexual non foron seleccionados polo claustro.



## 11. DOAZÓNS PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR

A ANPA Valle Inclán contribúe na adquisición de fondos para a Biblioteca do Centro.

### • SUBSCRICIÓN Á REVISTA 'PANTERA'

O curso pasado a xunta directiva da ANPA propuxo ó equipo docente encargado da



biblioteca escolar contar coa revista Pantera (Editorial Sabana Books) na biblioteca do noso colexio. Durante este curso mantense a subscripción que inclúe os números da revista en formato papel e dixital, e inclúe descargables para docentes.

PANTERA é unha publicación creada para conectar infancia, educación e natureza. Unha revista con información amena e rigorosa, con ilustracións, fotografía e deseño gráfico de profesionais referentes, para o desfrute tanto da cativada coma dos adultos. Publícase tres veces ó ano, con números temáticos.

#### • 'CEREBRO, INFANCIA Y JUEGO' DE MARÍA COUSO


Trala formación da mestra e pedagoga María Couso do mes de abril, a ANPA adquiriu un exemplar do seu primeiro libro, 'Cerebro, infancia y juego' da Editorial Planeta, para agasallar á biblioteca escolar.



#### • 'CUENTOS CON CORAZÓN Y MUCHA NATURALEZA' DE MARÍA MAYORGA MARTÍN

María Mayorga Martín é escritora, periodista, educadora social, formadora de formadores e asesora de escolas e docentes, fundadora do proxecto In Natura.

Trala presentación na Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental do CEIDA da segunda edición do seu libro 'Cuentos con corazón y mucha naturaleza', a ANPA adquiriu un exemplar para doar á biblioteca do cole. Un libro para familias exploradoras, docentes verdes e todas aquelas persoas amantes da literatura e sensibles coa natureza e o mundo silvestre.





## 12. OUTRAS INICIATIVAS

### • PARTIDO DE FÚTBOL

O Real Clube Deportivo invitou ás familias a acudir o domingo 12 de Novembro ó partido de 2ª División Feminina que disputará o Dépor Abanca fronte ó Alavés.

A ANPA Valle Inclán dispuxo de 300 entrada gratuítas que se repartiron entre as familias. Foi unha oportunidade de visibilizar o fútbol feminino e pasar unha tarde distendida en familia. Ademais supuxo a posibilidade de colaborar coa "Asociación Española contra el Cáncer", mediante un donativo totalmente voluntario durante o tempo do partido.



### • INFANCIA SEN SMARTPHONES

Dende a ANPA compartiuse a iniciativa "Infancia sen Smartphone", que arrincou aquí en Oleiros o ano pasado dende quinto de primaria do noso cole.

Pretende informar ás familias sobre os retos que supoñen os teléfonos móbiles con conexión a Internet para os nosos fillos e fillas e atrasar a entrega dos mesmos ata que estean preparados para afrontalos.

Para conseguilo conta cun grupo de Whatsapp no que se comparte información sobre o tema. Podedes atopar máis información sobre a iniciativa neste enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalleinclanoleiros/node/1765>.



· **8M,**  
**DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

A Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán solicitou permiso ó CEIP para decorar con carteis e adornos as entradas de ambos edificios. Durante toda esa semana o centro estivo decorado para dar visibilidade á data do 8M, Día Internacional da Muller.

· **MOSTRA DE PINTURA DA ACTIVIDADE  
EXTRAESCOLAR “ARTE”,  
EXPOSICIÓN NOS ARTE:  
“Oleiros con nome de muller”**

Do 8 ao 21 de marzo · Centro Cultural A Fábrica


“Oleiros, con nome de muller” é unha exposición de debuxo e pintura realizada polos nenos e nenas dos CEIP Valle Inclán e Juana de Vega que asisten ás clases de NosArte: “Arte e pintura”, dirixidas pola profesora Laura Gualda, docente e artista desde hai 15 anos. Nesta exposición tamén colaboraron pais e nais deste gran círculo artístico chamado NosArte.

Esta marabillosa iniciativa trata de dar voz, a través do debuxo, a numerosas mulleres que marcaron un antes e un despois na nosa sociedade e que teñen o seu recoñecemento no Concello de Oleiros, xa sexa con rúas, prazas ou esculturas, como o caso da “Tía Antonia”, matrona de Mera, obra do escultor Francisco Escudeiro.



Foi un traballo de investigación rigoroso, xa que nos podemos atopar con personalidades do ámbito literario coñecidas como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Francisca Herrera. Pero Oleiros tamén rende homenaxe a outros rostros que foron menos coñecidos como é o caso de María Pilar Estévez Diéguez, mestra da parroquia de Nós nada en 1907, coñecida como “Dona Maruja”, lembrada con moito agarimo por veciños da parroquia e cuxa vocación e labor é un aliciente para as persoas adicadas ao ensino. En tempos da posguerra, Dona Maruja ensinaba baile rexional ás 80 alumnas da escola onde impartía clase, ademais de camiñar dous quilómetros diarios para chegar á escola.

Esta exposición é un proxecto amplo, onde se poderán ver as diferentes mulleres sobre as que traballamos, pero sempre desde a mirada inocente da infancia. Rosalía convertida en Centauro ou a “Tía Antonia” como unha superheroína disfrazada de formiga...todo é posible!



• **XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA O ALUMNADO DE HOCKEY**

A ANPA e o Clube de Hockey organizaron unha xornada para que as familias puideran asistir á actividade e coñecer as dinámicas da clase.

• **XORNADA DE PORTAS ABERTAS NO CEIP**

A directiva do CEIP convidou a representantes da Xunta Directiva da ANPA para poder explicar de primeira man ás familias interesadas en matricularse no colexio no curso 2024-2025 os

**ANPA VALLE INCLÁN**  
curso 2023/2024

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Valle Inclán está formada por familias de alumnado do CEIP Ramón María del Valle Inclán que desexan asociarse. Calquera familia con fillos e filhas escolarizados no CEIP pode facerse socia.

O prezo da cota para asociarse á ANPA é de 35 €/curso por familia, independentemente do número de fillos e filhas con matrícula no centro. Asociarse é moi importante; canto máis familias sexamos traballando xuntas, polo ben das crianzas, mellores resultados poderemos acadar!!! O voso apoio e a vosa colaboración son imprescindibles para que a asociación funcione, as vosas ideas e suxestións son a forma de mellorar!!!

Na actualidade, a Xunta Directiva da ANPA está formada por un grupo de nais que traballan voluntariamente representando ó resto das familias, participando activamente na vida do colexio e buscando o mellor para a totalidade da comunidade educativa, e moi especialmente, para todo o alumnado.

As tarefas e funcións na Xunta directiva están repartidas entre os cargos que son elixidos en asemblea. Son: presidencia, vicepresidencia, secretaria, tesourería e vogar. Hai unha representante da Xunta Directiva da ANPA no Consello Escolar. Calquera membro da asociación pode formar parte da Xunta Directiva ou dalgunha comisión de traballo para colaborar de forma directa na asociación.

O CEIP pon a disposición da ANPA un local no colexio no que se centraliza a actividade da asociación. O local está no edificio de infantil, na entrada, a carón da conserxería. Podedes visitalo para calquera cuestión en horario de 16:00 a 18:00 h., que é o horario no que unha persoa que traballa para a asociación colabora coas tarefas administrativas, ofrece atención as familias e supervisa os servizos que presta a ANPA.

Ademais, para calquera consulta, podedes escribir un correo electrónico a:

**valleinclananpa@gmail.com**

Para coñecer máis detalles e novas, así como para ASOCIARVOS, visitade a nosa páxina web:

**<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/>**

SERVIZOS OFRECIDOS ACTUALMENTE POLA ANPA NO CEIP VALLE INCLÁN

MAÑANCEIROS
COMEDOR ESCOLAR
CAMBIADORES
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
OUTRAS ACTIVIDADES



servizos que xestiona a asociación. A coordinadora da ANPA asistiu para resolver dúbidas e entregouse un folleto informativo.

#### • AGASALLOS PARA O ALUMNADO DE 6º EP

Dende o curso pasado, A ANPA Valle Inclán entrega a fin de curso un agasallo ó alumnado que remata a súa etapa no colexio, na festa de graduación que organiza o centro, así coma ós mestres e mestras deste último curso. Reciben unha mochila de tela na que figuran o logotipo da ANPA e os anos da promoción dende o inicio do ciclo de educación infantil ata o último curso.



### 13. MELLORAS

#### • SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DO COLEXIO

A ANPA Valle Inclán, en representación das familias do alumnado do CEIP Valle Inclán, dado os problemas de seguridade viaria que levan moito tempo sen se resolver na vía de titularidade municipal Avenida Valle Inclán, no tramo que transcorre diante do CEIP Valle Inclán e que afectan á totalidade do alumnado, solicitou por rexistro ó Concello de Oleiros a implantación de medidas de seguridade viaria nos arredores do noso colexio.



A Concellería de Obras Públicas e Medio Ambiente respondeu favorablemente e instaláronse “cojines berlineses” e pintouse un paso de cebra a carón da porta de primaria (porta azul).



Suxerimos outra mellora adicional, que é a colocación de bolardos na esquina da beirarrúa

entre a Avenida Valle Inclán e a Rúa Anduriñas porque contribuiría a garantir a seguridade do alumnado que emprega ese acceso do recinto escolar.

#### • SOLICITUDE DE MELLORAS

Como cada ano, chegado o final de curso, a asociación fai un balance das necesidades para solicitar ás administracións os arranxos, reformas e melloras oportunas.

## 14. SUBVENCÍONS

### • SUBVENCIÓN DIRECTA ÁS ANPAS PARA AXUDA DE ASISTENCIA A COMEDOR. CONCELLERÍA DE CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ENSINO E XUVENTUDE. CONCELLO DE OLEIROS

A axuda de comedor para as familias empadroadas no Concello de Oleiros solicitada en tempo e forma pola ANPA Valle Inclán a través da Concellería de Ensino foi concedida por un importe total de 13.416,60 €.

A totalidade do importe destínase a reducir o custo de comedor, repercutindo directamente na rebaixa dos custes dos usuarios/as.

O cálculo dos importes individuais por alumno/a e curso foi realizado polo Concello e son os seguintes:

Asistencia de 5 días/semana.....118,94 €

Asistencia de 4 días/semana.....95,29 €

Asistencia de 3 días/semana.....71,63 €

Asistencia de 2 días/semana.....47,31 €

Asistencia de 1 días/semana.....23,65 €

A ANPA Valle Inclán efectuou a distribución das cantidades individuais que corresponden a cada usuario/a cunha rebaixa na cota de comedor das familias beneficiarias.

### • PRESTACIÓNS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR. CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE. CONCELLO DE OLEIROS

A Xunta Directiva da ANPA asina cada curso un convenio de colaboración coa Consellería de Servizos Sociais e Igualdade para a xestión das prestacións de apoio a comedores escolares incluídas no Regulamento de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros. Estas axudas son solicitadas polas propias familias.

**· AXUDA SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE.**

**CONCELLERÍA DE CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ENSINO E XUVENTUDE.**

**CONCELLO DE OLEIROS**

Presentouse a xustificación da subvención de extraescolares do Concello de Oleiros solicitada en xuño e concedida por un importe de 4.901,22 €.

A axuda serviu para costear as seguintes actividades desenroladas no ano 2023 pola ANPA Valle Inclán:

- Actividade extraescolar de robótica
- Festa de Fin de curso
- Festa de Nadal
- Obradoiros de educación sexual integral
- Agasallo de despedida do alumnado de 6º EP
- Subscrición á Revista 'Pantera'

**· AXUDA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDORES ESCOLARES XESTIONADOS POLAS ANPAS DOS CENTROS PÚBLICOS NO CURSO ACADÉMICO 2022-2023.**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.  
XUNTA DE GALICIA**

Trala súa solicitude no mes de novembro, foi concedida a axuda de Comedor da Xunta de Galicia por un importe de 24.405,58 €.

## **15. ASEMBLEAS E REUNIÓN INFORMATIVAS DA ANPA**

Ademais das reunións periódicas da Xunta Directiva da ANPA para poder xestionar a asociación, durante o curso 2023-2024 tiveron lugar as seguintes xuntanzas.

**· REUNIÓN INFORMATIVA DE COMEDOR**

No comezo de curso, o 19/10/2023, a Xunta Directiva da ANPA convocou unha reunión informativa na que participou a Concelleira de Ensino do Concello de Oleiros, o equipo directivo do CEIP, a Presidenta e técnicos da Federación Provincial de ANPAs, representantes de Jardanay e as familias.

Este encontro, celebrado coa finalidade de aportar información, disipar dúbidas e escoitar suxestións, estivo aberto a todas as familias do centro, non só ás familias socias. O obxectivo era lograr mellorar o funcionamento dos servizos e conseguir articularlos para conseguir o maior benestar de toda a comunidade educativa e por ende das crianzas. Consideramos moi enriquecedor compartir esta forma de conectar e facer comunidade.

## REUNIÓN INFORMATIVA · Comedor escolar ·

XOVES 19 de outubro ás 18:15 h.  
na Sala de Usos Múltiples  
do edificio de infantil



### · ASEMBLEA ORDINARIA 20/12/2023

Convocouse esta asemblea de socios para presentar a Programación Xeral da ANPA para o curso 2023-2024 e as contas anuais.



## 16. CONSELLO ESCOLAR

Unha compoñente da Xunta Directiva da ANPA representa á asociación ante este órgano. Durante o curso celebráronse numerosas xuntanzas do Consello Escolar, ordinarias e extraordinarias, para tratar diversos temas de interese no noso colexio e trasladar necesidades da asociación de nais e pais. Todos os servizos xestionados pola asociación son aprobados neste órgano de goberno.

En Perillo, a 12 de xuño de 2024

XUNTA DIRECTIVA VALLE INCLÁN